



Bos días para os de sexto, hoxe traio para vós a mesma actividade que están a realizar os de quinto, teredes que realizarme un cartel informativo sobre unha deportista galega, xa intentamos facelo antes de rematar as clases e non foi un gran resultado o acadado, polo que a faremos agora que non nos podemos ver, tedes que enviarme unha proposta de mulleres deportistas galegas, entre tres e cinco por exemplo, para que eu vos responda o correo coa elección e o modelo que tedes que seguir para presentar o traballo.

Empezade buscando deportistas da contorna, Marín, Morrazo, Pontevedra, para as últimas eleccións será máis complexo realizar o traballo, xa que nos teremos que ir a outras provincias, pero nunca sairemos de Galicia, podedes enviarme na primeira elección, nome, deporte e localidade así poderemos escoller de diferentes deportes e as que estean máis preto do noso colexio.

Espero os vosos correos para empezar a traballar, e recordar a todos/as aqueles/as que non me enviádes o correo das semanas anteriores que está pendente esa actividade.

Gozade da tarde e espero noticias vosas pronto.